

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 23 DE FEBREIRO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Itinerario peonil e ciclista na AC-960. Treitos: A Susana- Polígono Industrial (p.q. 0+000 - 0+810) e Polígono Industrial- A Eirexe (p.q. 1+170 - 2+250), de clave AC/16/087.06, nos concellos de Santiago de Compostela e Boqueixón.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a cesión gratuíta ao Concello de Mondoñedo da propiedade da edificación tradicional con referencia catastral 3197002PJ3039N000100, situada na rúa Matadoiro nº 1, no termo municipal de Mondoñedo.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Economía, Emprego e Industria a establecer anticipos en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a exención da obriga de constituír garantías ao abeiro do artigo 67.4 do Decreto 11/2009, e a adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente aos exercicios de 2017 e 2018. Importe total: corenta millóns setecentos cincuenta e seis mil sesenta e un euros (40.756.061€).

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Economía, Emprego e Industria a adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, así como a superar a porcentaxe establecida no artigo 62.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de acordo co previsto no artigo 62.4 deste texto normativo, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a concesión directa de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego correspondentes aos exercicios 2017 e 2018. Importe total: seis millóns novecientos sesenta e tres mil cento vinte euros (6.963.120 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo de recoñecemento, autorización e cualificación como museo do Museo da Construción Naval de Ferrol.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de axentes estimulantes da eritropoese para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un importe de seis millóns catrocentos oitenta e oito mil cento noventa e tres euros con corenta e un céntimos (6.488.193,41 €) e un valor estimado de dezaseis millóns douscentos vinte mil catrocentos oitenta e tres euros con cincuenta céntimos (16.220.483,50 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais (Aspaneps), para a realización do programa de atención á saúde mental infanto-xuvenil na área de Ferrol, por un importe de cento corenta e un mil cento sesenta e nove euros (141.169 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de Decreto polo que se regula a inscrición e o funcionamento do Rexistro Oficial de Produtores e Operadores de Medios de Defensa Fitosanitaria, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a execución do orzamento de 2016 e o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o programa de reforzo da formación.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe ao Consello da Xunta do plan Como na Casa: construción de novas residencias públicas para persoas maiores en Galicia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre axudas ao sector pesqueiro.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS EXPROPIACIÓNS PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA PEONIL E CICLISTA ENTRE SANTIAGO E BOQUEIXÓN, NA QUE O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ 540.000 EUROS

- *A Consellería de Infraestruturas e Vivenda licitará nas vindeiras semanas as obras do itinerario desde a A Susana ata o polígono empresarial de Sergude e desde este ata A Eirexe*
- *Esta actuación afecta un total de 28 predios, e prevese un investimento en expropiacións de 36.300 euros*
- *Esta actuación forma parte do Plan de sendas de Galicia na comarca de Santiago, que prevé a construción dun total de 15 quilómetros de itinerarios seguros, sustentables e integrados na paisaxe, nos que se investirán 3,7M€*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción dunha senda peonil e ciclista entre Santiago e Boqueixón, na estrada autonómica AC-960, na que o Goberno galego investirá 540.000 euros.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda prevé licitar nas vindeiras semanas as obras de construción dun itinerario entre A Susana, no concello de Santiago, e o polígono empresarial de Sergude, e entre este e A Eirexe, no municipio de Boqueixón. Esta actuación afectará 28 predios e o investimento estimado para as expropiacións é de 36.298,38 euros.



A senda peonil e ciclista levarase a cabo en dous tramos de senda na marxe dereita da estrada autonómica AC-960, coa construción total de 1.890 metros: entre A Susana e o polígono industrial de Sergude (p.q. 0 ao 0+810) e desde o polígono, que xa ten beirarrúas, ata o lugar da Eirexe (p.q. 1+170 a 2+250), punto en que se inician as actuais beirarrúas de Sergude.

O proxecto prevé a construción dunha sección tipo cun ancho total de 3,15 metros, que se reparten entre a senda peonil e ciclista, dun ancho mínimo de 2 metros, diferenciada da calzada por unha zona axardinada de 900 metros, mais os bordos de separación.

Existen pequenos subtreitos nos cales a existencia de vivendas próximas á estrada ou o desnivel das entradas a estas desde a vía fan necesario adoptar solucións alternativas, coma o aproveitamento dun camiño local existente en paralelo á estrada (situado a maior cota) ou a eliminación da franxa verde.

Coa execución da senda existirá un itinerario peonil continuo nesta estrada de máis de 3,1 quilómetros, desde o seu inicio na intersección coa N-525 na Susana ata Sergude

(punto quilométrico 3 + 140), dado que a vía xa conta con beirarrúas ao seu paso polo polígono industrial e tamén en Sergude.



Sendas de Santiago

Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.gal



**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

Esta actuación forma parte do Plan de sendas de Galicia na comarca de Santiago, no que, despois dun estudo das necesidades e de consultar cos concellos, se planificou a construción de 15 quilómetros de novas sendas na comarca, cun orzamento que se achega os 3,7 M€.

A Consellería de Infraestruturas ten previsto acometer o conxunto das obras ao longo da presente lexislatura e conta cos fondos dispoñibles para iso, posto que o fomento da mobilidade sustentable forma parte das actuacións cofinanciadas con cargo ao programa operativo dos fondos europeos Feder para o período 2014 -2020.

No marco das actuacións previstas no Plan de sendas da comarca de Santiago, concluíu recentemente a construción de case seis quilómetros de itinerario na AC-240, no Concello de Touro. Na AC-543 (Santiago-Noia), estase a traballar actualmente na execución dun itinerario peonil de case dous quilómetros entre Vidán e Laraño, ás aforas da capital de Galicia.

Nesa mesma vía executaranse outros tres treitos de senda, nos que se está a traballar actualmente, que completarán o itinerario para peóns e ciclistas entre os concellos de Santiago e Brión, en concreto desde Laraño ata a urbanización Monte Devesa.

Tamén está en fase de supervisión o proxecto dun itinerario para o fomento da mobilidade sustentable na AC-841 no Concello de Teo, desde o consultorio local de Pontevea ata Pontevea norte.

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA CEDERLLE AO CONCELLO DE MONDOÑEDO UN INMOBLE QUE ALBERGARÁ UN CENTRO DE DIVULGACIÓN DA ARQUITECTURA LOCAL E DE FOMENTO DA REHABILITACIÓN

- *O Goberno galego cofinanciará a recuperación do local mediante unha subvención de 42.000 euros*
- *O concello comprométese a rehabilitar o inmoble no prazo máximo dun ano e a destinalo a usos relacionados coa conservación do patrimonio cultural e á difusión dos valores da arquitectura mindoniense e dos programas de rehabilitación*
- *A Xunta, a través do Programa Rexurbe, rehabilitará dúas vivendas no núcleo histórico de Mondoñedo, concretamente no barrio dos Muíños, cun investimento duns 500.000 euros*

O Consello da Xunta acordou hoxe a cesión ao Concello de Mondoñedo dun inmoble para a súa recuperación, co obxectivo de que acolla un centro de divulgación da arquitectura mindoniense e dos programas de axudas en materia de rehabilitación de vivendas na vila. Trátase dun inmoble propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo situado na rúa Matadoiro, 1, que non reúne as condicións para ser destinado a vivenda.

O inmoble será destinado polo Concello de Mondoñedo á realización das actividades relacionadas coa conservación do patrimonio cultural e da difusión dos valores da arquitectura mindoniense. Neste espazo tamén se promoverán actuacións de rehabilitación de vivendas, a mellora da calidade das edificacións e a realización de accións de formación de técnicos e axentes que interveñen neste sector.

Ademais, a Xunta cofinanciará a rehabilitación do inmoble a través dunha subvención a fondo perdido, concedida ao concello de Mondoñedo, por importe de 42.000 euros.

Pola súa parte, o Concello comprometerase a executar as obras de rehabilitación do inmoble que sexan necesarias para o adecuado desenvolvemento das actividades referidas no prazo máximo dun ano.

O Goberno galego, no marco do impulso á rehabilitación, porá en marcha o Programa Rexurbe en Mondoñedo co fin de levar a cabo obras de recuperación do núcleo histórico, onde está prevista a rehabilitación de dúas vivendas no barrio dos Muíños, situadas na praza dos Muíños de Arriba, números 26 e 28. Os proxectos xa están aprobados tecnicamente e prevese licitar a actuación no primeiro trimestre deste ano 2017, cun investimento próximo aos 500.000 euros.

A Xunta, a través do Programa Rexurbe, promoverá a recuperación dos cascos históricos de diferentes vilas e cidades galegas mediante a adquisición e rehabilitación

de edificios degradados, co obxectivo de potenciar o desenvolvemento económico e social nestes núcleos.

A XUNTA IMPULSA CON 48 MILLÓNS A FORMACIÓN DE 11.250 DESEMPREGADOS A TRAVÉS DE 750 CURSOS AO LONGO DE TODO O ANO

- *A contía inclúe preto de 7 millóns de euros para as bolsas con que o Goberno galego financia gastos de transporte, manutención e conciliación que facilitan a asistencia aos alumnos*
- *Os cursos, que impartirán entidades sen ánimo de lucro, empresas ou concellos, refórzanse este ano coa introdución de melloras como a ampliación da duración primando os que presenten maiores índices de inserción laboral*
- *Reservarase unha parte da programación aos cursos dirixidos para as persoas sen estudos básicos e terán preferencia as mulleres, parados de longa duración, menores de 30 anos e/ou alumnos en risco de exclusión social*
- *Trátase dunha formación que dará resposta ás necesidades reais das empresas e que está homologada con certificados de profesionalidade con validez en toda España*
- *A Xunta aumenta este ano o orzamento para a formación para o emprego nun 21,6% para dar resposta ao tecido empresarial de Galicia*
- *A iniciativa enmárcase na Axenda 20 para o Emprego coa cal se prevé a creación de 80.000 novos postos de traballo ata 2020*

A Xunta impulsa este ano con 48 millóns de euros a formación para desempregados que se imparte en empresas, concellos ou entidades sen ánimo de lucro, unha contía que permitirá a posta en marcha de 750 cursos para beneficiar a 11.250 alumnos e alumnas, e que inclúe preto de 7 millóns para as bolsas que o Goberno galego outorga para facilitar a asistencia dos beneficiarios financiando os gastos de transporte, manutención e conciliación.

Esta iniciativa, que se enmarca na Axenda 20 para o Emprego, súmase ás xa aprobadas polo Consello da Xunta neste mesmo ámbito como son o programa Cualifica FP para a formación de desempregados en centros de ESO e FP e a oferta formativa en centros propios da Consellería de Economía, Emprego e Industria. En global, con estas tres actuacións, a Xunta está a investir 61 millóns de euros en formación para desempregados, o que permitirá contar cunha oferta de 15.500 prazas e máis de 1.000 cursos. Esta programación reforzarase ademais proximamente con 4 millóns de euros máis para formación específica de menores de 30 anos a través do Sistema de Garantía Xuvenil.

As axudas dirixidas a empresas, concellos e entidades sen ánimo de lucro, das que se informou hoxe no Consello da Xunta, inclúen este ano novidades co propósito de mellorar este programa que ten como obxectivo incrementar a ocupabilidade das persoas sen un traballo facilitándolles, polo tanto, o seu acceso ao mercado laboral, ao tempo que se dota Galicia dun capital humano máis formado de acordo coas

necesidades reais das empresas. É unha formación homologada con certificados de profesionalidade con validez en toda España.

Con respecto ás novidades, destacan a ampliación da duración dos cursos ao longo de todo ano, xa que a convocatoria de axudas será por primeira vez plurianual (2017-2018), o que posibilitará a impartición dunha formación máis completa e, polo tanto, unha maior empregabilidade dos alumnos. Ata o de agora este tipo de formación era de 6 meses máximo. A contía correspondente a este ano aumenta con respecto a 2016 nun 9,7%.

Máis peso para a inserción laboral

Así mesmo, este ano darase máis relevancia ás especialidades con maiores índices de inserción laboral. Este criterio xa se viña aplicando pero agora terá un maior peso na valoración. Deste xeito, ademais das accións con maior demanda e inserción laboral outorgaranse máis puntos aos cursos relacionados coa Industria 4.0 e os que se vinculan coas competencias de idiomas, ofimática, tecnoloxías da información e comunicación, coñecementos financeiros, xurídicos e do funcionamento das administracións públicas.

Na actualidade estes cursos contan en xeral cunha media de inserción laboral do 56%. Destes, un 64% adoitan atopar un traballo nos primeiros seis meses de rematar o curso. En ocasións, ademais, teñen a posibilidade de realizar prácticas non laborais en empresas, galegas o que lles permite adquirir novas habilidades e mellorar o seu perfil profesional.

Tamén, como mellora, o Goberno galego reservará unha parte da programación para a formación en competencias clave que é a dirixida a aquelas persoas sen estudos básicos. Establécese tamén a posibilidade de conceder anticipos de ata o 60% do importe da axuda outorgada.

As accións formativas que se inclúen nesta programación diríxense con carácter preferente a persoas desempregadas que sexan mulleres -especialmente vítimas da violencia de xénero-, parados de longa duración, menores de 30, persoas con discapacidade, persoas que teñan subscrito e vixente un itinerario personalizado de inserción, en risco de exclusión social, persoas con baixa cualificación e aquelas que teñan superados un ou varios módulos dun certificado de profesionalidade ou que obtivesen acreditacións parciais. Permítese tamén a participación de ata un 25% de persoas traballadoras ocupadas sempre e cando as prazas non sexan cubertas por desempregados.

A formación para persoas desempregadas encádrase na Axenda 20 coa que o Goberno galego prevé, entre outros retos, o impulso de 80.000 novos postos de traballo ata

2020. Pretende tamén incrementar un 25% as prazas e as cualificacións profesionais. Tamén forma parte da Axenda da Competitividade Galicia-Industria 4.0, que recolle que o sistema formativo se oriente ás necesidades da industria, sobre todo ás 29 especialidades formativas que se identifican no acordo por pertenceren a familias profesionais vinculadas coa Industria 4.0.

CULTURA RECOÑECE COA CATEGORÍA DE MUSEO O CENTRO EXPOSITIVO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL DE FERROL

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo para outorgar esta cualificación ao que é o principal museo marítimo español dedicado á historia da construción naval no mundo e en España***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo de recoñecemento, autorización e cualificación como museo do Museo da Construción Naval de Ferrol, cun contido monográfico relativo á construción naval e de ámbito autonómico. Deste xeito elévase á categoría museística o que é o principal recinto expositivo marítimo español dedicado á historia da construción naval no mundo e en España.

Este centro expositivo ten a súa sede no edificio restaurado de Ferrarías, que forma parte do conxunto histórico do Arsenal de Ferrol e que, xunto coa base naval, foi construído no século XVIII tras a designación da vila en 1726 como capital do Departamento Marítimo do Norte. Cómpre, por tanto, destacar a perfecta integración do museo no conxunto histórico industrial e naval de Ferrol.

Canto ao discurso expositivo, o edificio alberga unha colección de fondos do patrimonio marítimo e industrial únicos, cun alto valor histórico xa que permiten coñecer o desenvolvemento e a evolución da construción naval militar e civil en España desde o século XVIII ata a actualidade, así como o papel que representa a cidade de Ferrol neste ámbito.

Por tanto, o museo destaca pola súa significación histórica, pola súa localización (integrado no Arsenal), e polas coleccións que alberga, que permiten coñecer os elementos propios da disciplina naval e marítima ao longo de tres séculos, ao tempo que desempeña un importante labor divulgativo sobre os fitos históricos máis relevantes relacionados con esta actividade en España.

Nel pódese coñecer, ademais, o desenvolvemento da arquitectura e da construción de buques e dos materiais empregados, a evolución da tecnoloxía e o momento máis importante dun barco, que é a botadura e a flotadura.

O recinto consta dun espazo de 4.000 metros cadrados repartidos en dúas plantas dedicadas á historia da construción naval. Na planta baixa pódese facer un percorrido polas distintas técnicas de construción e os servizos máis esenciais dun buque. Por exemplo, destaca o pecio da Fragata Magdalena, afundida na ría de Viveiro en 1810 e recuperada pola Armada Española entre os anos 70 e 80 do século pasado.

Na planta superior atópase a sala de exposicións temporais, así como salas temáticas, entre elas as dedicadas ao estaleiro Astano, á Armada e os seus buques e Escolas, ás naveiras e aos portos, entre outros.

No que se refire ás actividades divulgativas, a Fundación para o Fomento do Coñecemento da Construción Naval e das Actividades Marítimas (Exponav), que é a encargada de xestionar o Museo, ten previsto levar a cabo mostras temporais e itinerantes e fomentar actividades complementarias (fotografía, pintura, talleres de restauración, conferencias...).

Os trámites iniciados hoxe forman parte das liñas estratéxicas da Consellería de apoiar todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto a protección e conservación do noso patrimonio cultural. A Administración autonómica ratifica así o seu compromiso co impulso deste centro museográfico na cidade de Ferrol, que xoga un papel fundamental na conservación do patrimonio naval galego.

O SERGAS COLABORARÁ CON ASPANEPS NA ATENCIÓN Á SAÚDE MENTAL INFANTOXUENIL NA ÁREA DE FERROL

- ***Destinará a este obxectivo 141.000 euros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais Aspaneps para a realización do programa de atención á saúde mental infantoxuvenil na área de Ferrol. O Servizo Galego de Saúde destinará a este obxectivo un total de 141.169 euros.

Esta asociación atendeu no ano 2016 máis de 800 usuarios, cun volume de novas consultas por riba de 500 pacientes e máis de 5.000 consultas sucesivas, tendo incrementado novamente neste ano o seu volume asistencial con respecto aos previos.

Este acordo súmase aos recentemente aprobados polo Consello da Xunta, por un importe de 4.787.767 euros destinados a convenios de colaboración entre o Sergas e as entidades que prestan asistencia aos pacientes con trastornos adictivos e outras dependencias non alcohólicas (Asociación de loita contra a droga Alborada, Asociación de loita contra a droga da Coruña (ACLAD), Asociación de drogodependencias Asfedro, Asociación Cruz Vermella de Lugo e a Fundación Monte do Gozo).

O SERGAS DESTINA 6,4 MILLÓNS DE EUROS Á CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DE AXENTES ESTIMULANTES DA ERITROPOESE

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación da subministración sucesiva de axentes estimulantes da eritropoese para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde. O orzamento do contrato para un período de dous anos ascende a un total de 6.488.193,41 euros (con IVE).

Os axentes estimulantes da eritropoese son medicamentos utilizados, fundamentalmente, no tratamento da anemia sintomática asociada á insuficiencia renal crónica e na anemia inducida pola quimioterapia en pacientes con neoplasias malignas. Entre outras indicacións minoritarias deste grupo de medicamentos, atópase a súa utilización en programas de predoazón para aumentar o rendemento de sangue autóloga ou a súa utilización na redución da necesidade de transfusións de sangue previamente a unha intervención cirúrxica ortopédica electiva maior.

A contratación está enmarcada no Plan de compras centralizadas, o que permite homoxeneizar a subministración dos medicamentos diminuindo os prezos de compra en máis dun 5-10%.

Así, contribúese a sustentabilidade do sistema sanitario público galego reducindo o custo no subministro destes medicamentos das estruturas de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde.

A XUNTA MELLORA E REFORZA O CONTROL DO USO DE FITOSANITARIOS NO AGRO DE ACORDO COA NORMATIVA ESTATAL E EUROPEA

- *O Consello deu luz verde a un decreto do Medio Rural que regula a inscrición e funcionamento do Rexistro Oficial de Produtores e Operadores (ROPO) de medios de defensa fitosanitaria*
- *Levar un control sobre os distintos operadores fai necesario contar cun sistema de rexistro, de tal forma que se poida ter un coñecemento tanto das empresas que poñen no mercado estas substancias como daquelas que as utilizan*

A Xunta vai mellorar e reforzar o control do uso de produtos fitosanitarios no agro, de acordo co establecido nas normativas nacional e comunitaria. O Consello do Goberno galego deu hoxe o seu visto e praxe a un decreto da Consellería do Medio Rural que regula a inscrición e funcionamento do Rexistro Oficial de Produtores e Operadores (ROPO) de medios de defensa fitosanitaria. A norma seguirá agora o seu trámite ordinario, antes da súa entrada en vigor coa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Xunta regula mediante este decreto o devandito rexistro e o procedemento para a inscrición, modificación e cancelación, así como a súa estrutura e funcionamento, de acordo coa lexislación comunitaria e nacional. O ROPO é un rexistro nacional, que foi creado polo Real Decreto 1311/2012, do 14 de setembro. O que fai agora Medio Rural é regular os procedementos de entrada e saída dos datos e adaptar a xestión que se fai desde Galicia deste rexistro consonte a dita normativa europea e española.

A comercialización e uso de produtos fitosanitarios deben ser controlados pola Administración, de forma que se utilicen de xeito correcto e sustentable. Levar un control sobre os distintos operadores fai necesario contar cun sistema de rexistro, de tal forma que se poida ter un coñecemento tanto das empresas que poñen no mercado estas substancias como daquelas que as utilizan.

Teñen a obriga de inscribirse neste rexistro todos aqueles operadores de medios de defensa fitosanitaria que estean incluídos nalgunha das catro seccións do ROPO. Así, deben figurar as empresas e comerciais que subministren produtos fitosanitarios, as empresas que realizan tratamentos, as persoas cualificadas como asesores e os usuarios profesionais con carné básico, cualificado, fumigador ou piloto aplicador. A obriga de inscrición non afecta os operadores que comercialicen exclusivamente produtos fitosanitarios autorizados para usos non profesionais.

A inscrición no rexistro poderá realizarse por petición da persoa titular (ou representante) da actividade incluída no ámbito de aplicación deste decreto ou ben de oficio, pola propia Consellería do Medio Rural. No decreto explícanse tamén os

requisitos e a documentación necesaria para efectuar a inscrición neste rexistro, segundo o tipo de operador de que se trate.

Así, entre outras obrigas, establécese a de informar dos tipos e categoría toxicolóxica dos produtos que se van fabricar ou comercializar ou o de estar adherido a un sistema de xestión para a eliminación de envases baleiros de fitosanitarios (para o sector subministrador), ou copia do carné de manipulador (para o sector dos usuarios profesionais). O prazo de validez da inscrición no rexistro é de 10 anos.

A XUNTA EXECUTOU EN 2016 O 100,9% DO ORZAMENTO E CUMPRIU UN ANO MÁIS O OBXECTIVO DE DÉFICIT AO PECHAR O EXERCICIO NO 0,58%

- *Galicia consolídase como referente no cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria*
- *A Xunta baixou un 13% o déficit da Comunidade Autónoma e mantén a senda de redución progresiva, o que permite aforrar en xuros e dispoñer de máis recursos*
- *O Goberno galego reforzou o gasto social aumentando o gasto en sanidade, dependencia, transporte escolar ou universidades*
- *O gasto de persoal medrou 107 millóns polo aumento salarial do 1%, o reforzo das substitucións no Sergas e servizos sociais, e a devolución da extra de 2013*
- *O control do déficit permitiu reducir en 92 millóns os xuros da débeda desde 2014*
- *Nos ingresos, a baixada fiscal tivo un impacto de 41 millóns de euros que quedaron en mans das familias e fogares galegos*

A Xunta de Galicia acadou en 2016 unha execución orzamentaria do 100,9% e volveu cumprir o obxectivo de déficit público para todas as comunidades autónomas, xa que o déficit de Galicia se reduciu ao 0,58% do PIB, por debaixo do límite do 0,7%. Ademais, Galicia consolídase como a comunidade autónoma de referencia no control da estabilidade orzamentaria, xa que conseguiu reducir o déficit nun 15% sobre o ano 2015.

Segundo reflicte un informe presentado hoxe no Consello da Xunta polo conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez, o déficit de Galicia no peche do exercicio 2016 baixou ao 0,58% en termos de contabilidade nacional, fronte ao 0,68% rexistrado no peche de 2015. Isto significa que Galicia cumpriu o límite máximo de déficit do 0,7% para o conxunto das comunidades, establecido polo Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF).

Nesta mesma liña, Galicia mantén o compromiso de volver cumprir neste 2017 o obxectivo de déficit -establecido no 0,6% polo CPFF-, e así está fixado nos Orzamentos da Comunidade Autónoma xa en vigor desde este mes de febreiro. O cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria é unha das bases do modelo de crecemento san que está a impulsar Galicia, e que aposta pola redución do déficit e do gasto en xuros para poder dedicar máis recursos a gasto social e a investimentos.

O cumprimento do obxectivo de déficit foi posible pola boa execución orzamentaria acadada en 2016. En concreto, Galicia acadou no exercicio unha execución do 100,9% do gasto non financeiro, xa que executou o pasado ano un total de 8.806 millóns de euros, dos que 7.554,9 millóns se corresponden con gasto corrente e 1.251,3 millóns con gastos de capital.

Máis gasto social

O Goberno galego volveu reforzar en 2016 o gasto social, tal como indican os datos de execución orzamentaria. En termos homoxéneos, a Xunta dedicou 70 millóns máis ao gasto corrente en sanidade, 38 millóns máis á atención á dependencia e 30 millóns máis á promoción do emprego. Tamén incrementou en 5 millóns de euros o gasto corrente en centros escolares e transporte escolar.

No gasto corrente, a partida con maior volume executado no orzamento de gasto volveu ser a de gastos de persoal, na que se executaron 3.648,7 millóns de euros. Isto supuxo un incremento de 107 millóns sobre o ano anterior, motivado polo incremento retributivo do 1%, pola devolución da parte devindicada da paga extra de 2013 e polo reforzo das substitucións principalmente no Sergas e nos servizos sociais.

En canto aos gastos de capital, a Administración autonómica en 2016 executou 1.251,8 millóns de euros en investimentos reais e transferencias de capital. Á espera de coñecer os datos de peche de exercicio que publicará o Ministerio de Facenda e Función Pública, Galicia era en novembro a segunda comunidade autónoma con maior esforzo investidor no seu orzamento, duplicando a media autonómica.

92 millóns menos en xuros da débeda

O informe presentado polo conselleiro de Facenda reflicte tamén que o gasto executado en xuros de débeda reduciuse en 38,3 millóns de euros respecto ao ano 2015 e en 92 millóns tendo en conta os dous últimos exercicios. Este importante aforro é consecuencia tamén do control do déficit e da débeda pública que vén efectuando a Xunta nos últimos anos, e que permite dedicar menos recursos á débeda para dedicalos a gasto social e investimento.

De feito, Galicia é a comunidade autónoma que menos incrementou o seu volume de débeda pública dende o ano 2009, e na actualidade mantén un endebedamento seis puntos inferior á media autonómica, cando este indicador en 2008 era superior en Galicia á media do conxunto das autonomías.

Baixada de impostos

Respecto ao orzamento consolidado de ingresos, a execución total no exercicio 2016 foi de 8.480,4 millóns de euros, dos que 8.055,2 millóns correspóndense con ingresos correntes e 425,2 millóns de ingresos de capital.

Neste apartado, o informe reflicte o efecto que tivo a baixada de impostos aprobada pola Xunta de Galicia desde xaneiro de 2016, e que supuxo a supresión do imposto de sucesións para o 99% dos galegos cando reciben unha herdanza dun familiar directo, a rebaixa do IRPF para o 98,5% dos contribuíntes e a posta en marcha dun programa de

impostos cero no rural, ampliado neste 2017 á adquisición dunha vivenda habitual no eido rural para mozos, familias numerosas e persoas con discapacidade.

Esta rebaixa de impostos tivo un impacto no seu primeiro ano de aplicación de 41 millóns de euros, recursos que quedaron en mans dos fogares galegos co obxectivo de reactivar o consumo interno e manter íntegro o patrimonio das familias en caso de perda dun familiar. Hai que ter en conta que este impacto será maior no exercicio 2017, cando teña efecto na recadación da Comunidade Autónoma a rebaixa do IRPF para 2016, e ademais xa terá pleno efecto a rebaixa do imposto sobre sucesións.

A XUNTA PLANIFICA A CONSTRUCCIÓN DE SETE NOVAS RESIDENCIAS PARA PERSOAS MAIORES DEPENDENTES NAS GRANDES CIDADES DE GALICIA

- *O plan Como na casa da Consellería de Política Social sinala que a entrada en servizo destes futuros centros permitirá a creación de 900 novas prazas e impulsará ao redor de 500 novos empregos vinculados ao Sistema galego de atención á dependencia*
- *O programa propón dotar as cidades con máis habitantes –Vigo e A Coruña- de residencias de 150 prazas; mentres que Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo contarán con centros de 120*
- *O investimento estimado para a construción destes equipamentos ascende a 47,7 millóns de euros*

A Consellería de Política Social presentou no Consello da Xunta celebrado esta mañá un informe sobre o plan Como na casa no que se planifica a construción de sete novas residencias públicas, unha en cada gran cidade galega, para atender maiores en situación de dependencia. Deste xeito, o Goberno autonómico a responde unha das prioridades recollidas no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 en relación coa necesidade de incrementar a cobertura de atención ás persoas en situación de dependencia.

A posta en servizo destes centros permitirá que máis de 900 persoas dependentes accedan ás novas prazas residenciais e suporá a creación de ao redor de 500 empregos. O plan mobilizará un investimento estimado de 47,7 millóns de euros, converténdose na grande aposta da Xunta de Galicia en materia de dependencia no horizonte 2020. O obxectivo de Como na casa é garantir a asistencia aos dependentes aumentando a oferta asistencial pública naqueles lugares onde se concentra a demanda de prazas, que son as grandes cidades e as súas áreas de influencia. Desta maneira, facilítase que os maiores permanezan preto dos seus fogares e dos seus, así como a conciliación da vida laboral e persoal daquelas familias que teñen ao seu coidado dependentes.

No que atinxe ás residencias proxectadas, o plan propón dotar as cidades con maior poboación, Vigo e A Coruña, de equipamentos de 150 prazas; en tanto que Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo contarán con centros de 120. Polo demais, a totalidade das residencias dividiranse nas mesmas zonas ou áreas, sendo a residencial a máis ampla ao incluír as estancias destinadas ao aloxamento, comedor, perrucaría, cuarto de enfermaría, sala de estar e paseos. Cómpre subliñar, ademais, que a maioría das persoas residentes disporán de habitacións individuais con baño.

Así mesmo, como novidade, todos os centros terán unidades xeriátricas e psicoxeriátricas diferenciadas; é dicir, contarán con zonas específicas para aloxar,

coidar e traballar con residentes que padezan deterioracións ou trastornos cognitivos severos, facilitando así a súa correcta atención e mellorando a calidade asistencial. O resto das áreas das novas residencias destinaranse a zona social, con espazos para favorecer a convivencia, desenvolver actividades e recibir visitas; a área de atención especializada, que acollerá a consulta médica, as salas de rehabilitación e podoloxía, a farmacia e unha unidade de enfermaría, e finalmente completaranse con zonas de administración e servizos (lavandaría, cociña...).

En canto á situación das novas infraestruturas, para a cidade da Coruña seleccionouse unha parcela próxima ao parque de Eirís, na zona de Tras Hospital, para albergar unha residencia de 150 prazas. O orzamento estimado é de 8.092.000 euros e suporá a creación duns 90 empregos

No caso de Ferrol e da súa área de influencia, propónse a construción dunha residencia de 120 prazas. O centro, cun custo estimado de 6.733.000 euros e que xerará ao redor de 75 empregos, localizarase no Boial.

O barrio das Fontiñas é a localización proposta para a nova residencia proxectada en Santiago, con 120 prazas de capacidade e orzada en 6.394.000 euros. Empregará a uns 75 traballadores/as.

En Lugo avógase por construír un equipamento de 120 prazas e 6.138.000 euros de orzamento estimado. Para situar o novo centro, que dará ocupación a 75 persoas, propóñense a parcela Montirón 1 ou a do antigo Hospital Xeral.

Ourense acollerá un centro residencial de 120 prazas nas Lagoas. O novo equipamento, cun investimento estimado de 5.983.000 euros, ocupará uns 75 empregados/as.

A cidade do Lérez contará cunha residencia de 120 prazas. O centro xerará uns 75 empregos, situarase no antigo Hospital Provincial de Pontevedra e o seu orzamento de construción ascende a 6.443.000 euros.

Por último, a nova residencia pública proxectada en Vigo terá unha capacidade de 150 prazas e un orzamento estimado de 7.903.000 euros. A parcela proposta para a súa construción é a actual localización do cuartel de mariñeiría Méndez Núñez.

A construción e entrada en servizo destes equipamentos permitirá reducir considerablemente a lista de agarda para entrar en centros residenciais, cuantificada en 1.414 persoas, das cales 1.212 residen nas cidades e nas súas áreas de influencia, segundo se recolle no estudo "O novo modelo de atención residencial en Galicia" realizado pola Consellería de Política Social co fin de achegarse ás necesidades reais

sobre a demanda de atención en centros especializados para persoas dependentes. En concreto, calcúlase que as novas residencias proxectadas permitirán cubrir preto do 95% da demanda de prazas que existe na actualidade nos sete grandes concellos de Galicia e as súas áreas de influencia.

MAR SUBVENCIONARÁ ATA UN 25% A ADQUISICIÓN DO PRIMEIRO BARCO PESQUEIRO PARA PERSOAS MENORES DE 40 ANOS

- *A este proxecto destinará na convocatoria de 2017 un total de 500.000 euros*
- *Esta medida forma parte dun conxunto de 3 ordes de axudas que foron analizadas hoxe nun informe no Consello da Xunta, que supoñen un importe total de 21,4 millóns de euros e que sairán publicadas nos vindeiros días no Diario Oficial de Galicia*
- *No eido da frota tamén se subvencionarán, con preto de 2,7 millóns de euros, investimentos que fomenten a pesca sustentable para os propietarios de buques pesqueiros*
- *Por outra banda, a Consellería do Mar destina 18,1 millóns de euros a investimentos en pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura para fomentar unha pesca e acuicultura sustentables*

A Consellería do Mar subvencionará ata un 25% adquisición do primeiro barco pesqueiro para persoas menores de 40 anos, ata un máximo de 75.000 euros. A esta liña a Consellería destina 500.000 euros e para poder acceder a estas axudas, os interesados deben ter traballado un mínimo de 5 anos como mariñeiro ou ter a titulación profesional exixida segundo a embarcación que se queira mercar.

Así o reflicte un informe analizado hoxe polo Consello da Xunta, que recolle un conxunto de 3 convocatorias de axudas para 2017 por importe total de 21,4 millóns de euros de subvencións para mellorar a actividade pesqueira e acuícola galega, ao abeiro do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP). Estas ordes de axudas sairán publicadas nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

A liña de subvencións para a compra do primeiro barco enmárcase dentro dunha orde de axudas que tamén prevé máis de 110.000 euros para compensar a aqueles tripulantes que traballasen a bordo de buques que paralizaron a súa actividade. Deste xeito, a contía global da orde de axudas a tripulantes de buques pesqueiros é de máis de 610.000 euros.

A segunda orde de achegas para a frota que recolle o informe é para investimentos que fomenten a pesca sustentable para os propietarios de buques pesqueiros. Unha convocatoria á que se destinan preto de 2,7 millóns de euros. Ao abeiro delas poderanse subvencionar actuacións que melloren as condicións de traballo e seguridade dos buques, investimentos relacionados coa eficiencia enerxética, coa mitigación do cambio climático e co aumento do valor engadido e a calidade dos produtos, entre outros.

Transformación e comercialización

A terceira orde de axudas que reflicte o informe é para investimentos en pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura. A elas a Xunta destina 18,1 millóns de euros para fomentar unha pesca e acuicultura sustentables desde unha perspectiva ambiental, socialmente responsable e competitiva. Deste xeito subvencionarase ata o 50% das melloras que realicen as pemes.

Así, serán obxecto destas axudas os proxectos que contribúan a aforrar enerxía ou reducir o impacto no ambiente, que melloren a seguridade, hixiene, saúde e as condicións de traballo das plantas e que axuden á transformación de capturas de peixe comercial que non se poida destinar ao consumo humano. Tamén aqueles investimentos relacionados coa transformación de produtos de acuicultura ecolóxica, así como aquelas que dean lugar a novos e mellores produtos, procesos e sistemas de xestión e organización, entre outros.